



*Viajes épicos para ver eclipses*

Las expediciones históricas más relevantes

página 4-5

*O potencial da FP, en Santiago*

As claves dunha cita coa innovación e o emprendemento

páxinas 6-7

*Periodismo en la Escuela*

El caso de éxito del IES Francisco Aguiar de Betanzos

página 9



O comandante Reid Wiseman mirando a Lúa desde a nave Orion. Foto: NASA. Reuters

## NO ESPAZO

# A humanidade volve saudar a Lúa

*A misión Artemis 2, que durou dez días, foi un éxito que permitiu descubrir como nunca antes a cara oculta do satélite*

L. CANCELA

Léstelo no xornal, vístelo nas noticias e puidésteo escoitar na radio... Cincuenta anos despois, o home volveu á Lúa. A misión Artemis 2 é historia da humanidade e tivestes a sorte de vivila.

**Que é Artemis 2?**

É a misión espacial liderada pola NASA, aínda que con colaboración europea, levada a cabo desde o 1 ata o 10 de abril. Forma parte do programa Artemis, un proxecto espacial que prevé que os astronautas pisen a Lúa, outra vez, antes do 2030.

**Pero non estiveron na Lúa?**

Non, esa nunca foi a finalidade da misión Artemis 2. O seu obxectivo era observar a cara oculta da Lúa. Para iso, os catro astronautas que ían dentro da nave Orion bateron a marca histórica de afastamento alcanzado por un ser humano: 406.771 quilómetros de distancia do planeta Terra.

**E que fixeron?**

A tripulación contemplou a Lúa desde unha perspectiva inédita se o comparamos coas históricas misións do programa Apollo que sobrevoaban a Lúa dende máis preto. Nesta ocasión, a nave Orion situouse a miles de quilómetros de distancia, o que permitiu aos astronautas observar o disco lunar completo.

**Que é o programa Apollo?**

Foi un proxecto co que cal a Administración Nacional para a Aeronáutica e o Espazo (NASA) aluou en 1969, 1971 e 1972.

**Quen foron os astronautas?**

Gregory Reid Wiseman (o comandante), Christina Koch, Victor Glover e Jeremy Hansen. Con eles, a misión Artemis 2 fixo que, por primeira vez, unha muller, un afroamericano e un canadense estiveran na órbita da Lúa.

**Como foi a misión?**

Imaxínade, moi complexa. O lan-

zamento realizouse desde o Centro Espacial Kennedy, en Florida, co pulo do foguete SLS, que lanzou a cápsula fóra da atmosfera terrestre. Pouco despois, Orion separouse do foguete e comezou a orbitar arredor da Terra durante unhas horas. Durante este tempo, a tripulación comprobou que todos os sistemas funcionaban correctamente antes de continuar a viaxe cara á Lúa.

Despois, a nave iniciou unha

## ACTIVIDADE BÁSICA DIARIO DO ESPAZO

**Imaxina que es un dos astronautas. Escribe unha redacción coma se tratase do seu diario na nave Orion. Podes inventar os detalles, pero tes que basearte nos datos reais da viaxe espacial.**

As actividades están deseñadas por L. Cencala

traxectoria chamada de retorno libre, que aproveita a gravidade da Terra e da Lúa para desprazarse. Durante varios días, os astronautas viaxaron cara o noso satélite e despois sobrevoaron.

Tras arrodrear a Lúa, comezou a volta. A nave utilizou de novo a gravidade do eixe Terra-Lúa para regresar. Nesta fase, a tripulación preparou un dos momentos máis delicados da misión: a entrada na atmosfera da Terra. A nave entrou a gran velocidade ata converterse case nunha bóla de lume debido ao rozamento co aire. A nave estaba provista dun escudo térmico que limitaba a cantidade de calor no interior.

Despois despregáronse varios paraquedas que foron freando aos poucos a cápsula ata que o descenso fora seguro. Finalmente, a nave amarróu no océano Pacífico, onde equipos de recuperación da NASA esperaban para recoller a tripulación e levala de volta a terra firme, pechando así unha misión histórica arredor da Lúa.

## A CARA OCULTA

### Saber máis do satélite para volver a el dentro duns anos

A misión Artemis 2 permitiu observar a cara oculta da Lúa como nunca antes o fixera o ser humano. Tanto que o seu comandante, Reid Wiseman, dixo: «Vimos cousas que ningún ser humano viu». Se ben é certo que os astronautas das misións Apollo xa estiveran na órbita lunar e tomaran imaxes, a nave Orion sobrevoou o satélite ata poder ver o disco lunar completo dunha soa vez. Esta perspectiva global fixo posible contemplar rexións afastadas que nunca foran observadas directamente polo ollo humano.

Durante o sobrevoo, a tripulación puido identificar cráteres e accidentes xeográficos que non se viran antes de forma directa, así como diferenzas de cor, brillo e texturas da superficie. Os astronautas destacaron que a Lúa non se percibe igual que desde a Terra, xa que aparecen tonalidades e matices máis complexos que axudan a comprender mellor a súa composición. Un dos aspectos máis sorprendentes foi a observación de fenómenos en tempo real, como escintilleos de luz provocados por impactos de meteoroides na superficie lunar no momento exacto do choque. Tamén puideron presenciar unha eclipse total de Sol que durou 53 minutos, un fenómeno imposible de contemplar desesa forma desde a Terra.

A clave está na combinación da órbita, a distancia e a iluminación. Antes os expertos dicían que había unha cegueira histórica. Ademais, o feito de que a observación fose directa, coa mirada humana, tamén foi fundamental, xa que o ollo pode detectar variacións sutís de cor e textura que as cámaras non sempre captan coa mesma precisión.

Os astronautas tamén observaron como a iluminación do Sol xeraba sombras alongadas que resaltaban cristas, pendentes e o relevo do terreo lunar, amosando estruturas que non serían visibles cunha iluminación máis uniforme. Mesmo se detectaron diferenzas entre grandes cráteres que axudaron a comparar o seu tamaño.

## ESTADOS UNIDOS E A UNIÓN SOVIÉTICA

## Unha ollada á carreira espacial

A chegada do home á Lúa grazas á NASA puxo fin a rivalidade que mantiñan as dúas grandes potencias mundiais durante a Guerra Fría

L. CANCELA

Houbo un tempo no que as grandes potencias do planeta non só competían na Terra, senón que querían conquistar o espazo. Esta historia de enfrontamento indirecto comeza en plena Guerra Fría entre os Estados Unidos e a Unión Soviética (a actual Rusia), un período no que ambos trataban de demostrar quen era máis poderoso en ciencia, tecnoloxía e capacidade militar.

Todo empezou en 1957, cando a Unión Soviética sorprendeu ao mundo lanzando o primeiro satélite artificial: o Sputnik 1. Era unha pequena esfera metálica, pero marcou un antes e un despois, porque por primeira vez un obxecto creado polo ser humano orbitaba arredor da Terra. Os Estados Unidos, ao ver isto, reaccionaron rapidamente. A carreira espacial acabou de comezar.

Pouco despois, a Unión Soviética volveu adiantarse. En 1961 o cosmonauta Yuri Gagarin foi o primeiro ser humano en viaxar ao espazo. Deu unha volta completa ao redor da Terra, amosando que era posible sobrevivir fóra do planeta, aínda que só fora por pouco tempo. Os Estados Unidos decidiron centrarse nun obxectivo moito máis ambicioso: chegar á Lúa. Finalmente, en 1969, a misión Apollo 11 logrou alugar. O astronauta Neil Armstrong foi



De esquerda a dereita: Jeremy Hansen, Christina Koch, Victor Glover e Reid Wiseman. Foto: Lexi Parra. Efe

o primeiro en baixar do módulo e camiñar sobre a superficie lunar. Seguro que vistes a típica imaxe ou escoitastes o que dixo: «Un pequeno paso para o home, un gran salto para a humanidade». Aquele momento foi seguido por millóns de persoas en todo o mundo e quedou gravado para sempre na historia como un dos maiores logros da humanidade.

Co paso do tempo, a rivalidade espacial foi diminuíndo e ambos os países chegaron a cola-

borar, como ocorreu na misión Apollo-Soyuz, na que astronautas das dúas nacionalidades traballaron xuntos no espazo.

Hoxe, a carreira espacial segue viva, pero é moi diferente. Xa non participan só países, senón tamén empresas privadas. Potencias como a China, os Estados Unidos e Rusia continúan explorando o espazo, pero agora compiten e colaboran con compañías como SpaceX, de Elon Musk, ou Blue Origin, de Jeff Bezos.

### ACTIVIDADE MEDIA A CONQUISTA DO ESPAZO

Por grupos, escollede un feito da liña do tempo da carreira espacial e un dos membros debe representalo contando a súa historia. Isto pode ser o lanzamento dun satélite, o primeiro ser humano no espazo, a chegada á Lúa ou a misión Artemis 2.

O percorrido que está por vir segundo o programa Artemis

A carreira espacial da NASA non remata con Artemis 2. O seguinte paso será Artemis 3, que tentará sentar as bases do regreso do home á superficie lunar por primeira vez desde 1972. Pero antes hai que facer probas dos mecanismos para reducir os riscos. Se se cumpren os prazos actuais, o regreso á Lúa podería consolidarse a finais desta década. Será posible?

O obxectivo a longo prazo non é xa pisar a Lúa, senón quedar nela de forma sostida. A NASA e os seus socios internacionais están a deseñar unha arquitectura que permita converter a contorna lunar nun espazo operativo permanentemente para a ciencia e a exploración.

A partir desa infraestrutura en órbita, o seguinte paso é o desenvolvemento de bases na superficie lunar, con especial interese no polo sur, unha rexión onde as observacións científicas apuntan á posible existencia de xeo. Este recurso sería clave para soste-la presenza humana. Xunto a estas instalacións, a NASA prevé o despregamento de sistemas de enerxía, vehículos presurizados e hábitats deseñados para estancias duradeiras. O certo é que detrás de todo este despregamento hai un obxectivo estratéxico máis amplo: Marte. A NASA quere aprender a vivir e traballar na Lúa para poder viaxar ao planeta vermello. A estratexia Moon to Mars é o obxectivo final sen tantos riscos como hai agora.

### ENTENDER

## As teorías conspiranoicas seguen espallándose

■ A pesar de todas as probas que temos, aínda hai xente que non cre que a misión Artemis 2 sexa real. Pensan que é un engano das elites. Isto é, en esencia, unha teoría conspiranoica, unha explicación alternativa dos feitos que sostén que existe un grupo de persoas —normalmente, poderoso— que lle oculta a verdade á poboación. Estas teorías adoitan desconfiar das versións oficiais e propoñen narracións paralelas que, moitas veces, carecen de probas verificables.

■ Algúns manteñen que as imaxes difundidas desde o espazo non son reais. Desconfían das axencias espaciais. Outros mesmo din que o home nunca chegou á Lúa, e ven en Artemis un intento de reforzar ese relato.

■ A todo isto súmase a intelixencia artificial. Estes días circularon polas redes moitos vídeos e imaxes creados con esta tecnoloxía, o que alimenta o engano do mundo virtual.

### PROFUNDAR

## O satélite non pertence a ningún país nin empresa, é patrimonio común da humanidade

■ A Lúa volver a ser protagonista da actualidade. Nesta nova carreira espacial, con varias potencias e empresas privadas interesadas no espazo e no satélite, saberíades dicir a quen pertence a Lúa?

■ Desde o punto de vista legal, a resposta está clara. En 1967, na carreira espacial da Guerra Fría, asinouse o Tratado do Espazo Exterior, un acordo internacional que establece que ningún país pode reclamar a soberanía sobre a Lúa nin sobre ningún outro corpo celeste. Este tratado, apoiado por potencias como os Estados Unidos ou Rusia, considera o espazo patrimonio común da humanidade.

■ A isto súmase o acordo adoptado pola Asemblea Xeral da ONU en 1979, aínda que entrou en vigor en

1984, que ratificou a pertenza global do astro. Isto vén a dicir que a Lúa non pertence a ninguén ao mesmo tempo que é de todos.

■ Pero, antes destes debates legais, en 1954 un avogado e poeta chileno chamado Jenaro Gajardo Vera acudiu a unha notaría de Chile para inscribir a Lúa ao seu nome. Segundo o que relatou, fíxoo por dúas razóns. A primeira, cumprir cun requisito para ingresar nun club social que esixía posuír bens. A segunda, moito máis simbólica: realizar un xesto poético. De feito, cando morreu, declarou ao pobo chileno herdeiro directo do astro.

■ Agora ben, se ninguén pode ser dono da Lúa, pero todos queren chegar a ela, estamos preparados para compartir un territorio que a ninguén pertence?

### A. AVANZADA

#### SABER IDENTIFICAR A IA

Cando empregas TikTok ou Instagram e atopas un vídeo tan increíble para que sexa certo, comprobas a súa orixe? Sabes identificar a IA?

Intenta ser honesto: confías máis nunha institución científica ou nun creador de contido?

ASÍ LO CONTÓ LA VOZ

# Augurios para 25 años después desde 1955

Mucho de lo que La Voz pronosticaba para 1980 se cumplió, aunque no en tan poco tiempo

CARLOS OCAMPO

El mundo parece que va algo más deprisa que hace tiempo. Es lo que comentan quienes analizan la evolución de la tecnología o la medicina, por ejemplo. Y quienes llevamos ya algunas traslaciones alrededor del sol solemos estar de acuerdo con esta conclusión. Digo esto porque, si hace 71 años La Voz se preguntaba qué ocurriría en 1980, o sea, 25 años después, hoy la pregunta sería qué pronosticamos para dentro de cinco o seis.

Que nos gusta pensar en lo que nos deparará el futuro es evidente, pero ahora no miramos al 2050, sino a qué puede ser tendencia casi mañana mismo. Por ejemplo, del 2 al 5 de marzo se celebró en Barcelona el Mobile World Congress, desde el que el enviado de La Voz habló mucho de androides y los espectáculos que montaron (5/3/2026), pero también de nubes de datos, inteligencia artificial, agentes sintéticos, que hace unos pocos años eran solo ficción. De vehículos autónomos, drones de reparto y detección temprana de enfermedades hablamos no ya como cosas del futuro, sino preguntándonos cuánto falta para que sean realidades cotidianas.


Podríamos seguir elucubrando sobre nuestro futuro, pero veamos qué pronosticaba Henry O'Neill en nuestro periódico el

24 de marzo de 1955 que verían los lectores de La Voz en 1980. Podemos adelantar que, pese a que pretendía apoyarse en una ciencia que estaba en «sus preludios», en el fondo era una visión demasiado halagüeña que hoy resulta interesante sobre todo por ver qué preocupaba a la gente entonces, pero no por ver si acertó mucho, poco o nada.

**Los avances**

Comienza el articulista recordando lo mucho que había avanzado la tecnología «en los últimos cien años», más que «en todo el milenio». «El descubrimiento de la electricidad, la comprobación de las teorías sobre los gérmenes, el desarrollo de los anestésicos, [...] el perfeccionamiento de la electrónica, la desintegración del átomo», enumera.

Sobre esto último, y siguiendo las opiniones de la «Compañía General de Electricidad norteamericana, que se distingue por su afán de estudio e investigación», afirmaba: «La energía nuclear está ya en nuestras manos. Hace poco más de un año se dió con la primera batería atómica», y auguraba que para el año 1976



1955

Lo que la ciencia prometía según La Voz del 24 de marzo de 1955

se obtendría de «las olas, el viento y el sol», y acertó en parte O'Neill, aunque la expansión va más lenta de lo que pensaba. ¿Qué podríamos decir de

estas baterías serían «de uso común», se podrían comprar en los comercios como quien se lleva un pack de pilas de 1,5 voltios y que durarían «años, sin necesidad de estarlas recargando constantemente». Todo tipo de vehículos se moverían con energía nuclear. Incluso imaginó «proyectiles teledirigidos» que comunicarían «los continentes, por encima de los océanos [...], transportando correo y fletes a inmensas distancias, depositando la carga en los hangares a los pocos minutos de recogerla». O sea, drones. En cambio, con los coches autónomos lo cierto es que los cortos de miras somos los del siglo XXI, pues él vaticinaba: «Existirán los helicópteros para particulares y el control electrónico podrá asegurar su empleo sin choques ni accidentes de gravedad».

No sería la atómica la única fuente de energía, pues también

res, purificada de sus sales, fructificará los desiertos»? ¿O de esto: «El océano mismo proveerá al hombre de inmensos abastecimientos médicos, químicos y nutritivos»?

La confianza en los progresos de la medicina no admite reservas de «Plagas como el cáncer, el cólera, el tifus y otras enfermedades más habrán pasado al limbo, perdiendo toda su gravedad mortal». Tampoco faltan preocupaciones sociales que hoy están de plena actualidad: «La semana de trabajo de 1980 será mucho más corta que la actual», lo que acarreará un nuevo problema, «la forma de distraerse convenientemente», que provocará «un fantástico avance en la demanda y apreciación del arte, de la música y de la literatura», y de la televisión.

Llegados a casi el final, sí podemos reprochar a nuestro augur de cabecera que no hubiera

previsto que en 1969 el hombre pondría por primera vez el pie en la Luna y repetiría la proeza otras cinco veces.

**¿Qué podría fallar?**

Frente a visiones catastrofistas, consideraba que, al igual que «la revolución industrial tuvo consecuencias muy duras» al principio, a la larga se irían extendiendo los beneficios a toda la sociedad, salvo que se desatará la locura: «La posibilidad de una guerra con los medios modernos, capaz de destruir la civilización y de hacer rodar todos los avances del progreso». Aunque O'Neill prefiere confiar «en la bondad del hombre para evitar el mal, porque [...] siempre hay recursos para contener el mal a disposición del bien y de los hombres cuerdos».

**ACTIVIDADES**

- «Está muy lejos de realizarse aquella predicción de Karl Marx, cuando hablaba del abismo creciente entre los ricos y los pobres. Hoy esas diferencias se han atenuado», dice el texto. Explica en un texto breve si estás de acuerdo con esta afirmación.
- Indaga, ahora que está de actualidad, cuántas veces llegó el hombre a posarse en la Luna y en qué años.
- ¿Quién fue Henry O'Neill?

## LA ESCUELA SALVAJE

### Hilos parásitos

ANTONIO SANDOVAL

En los paisajes que atraviesas en tus paseos o desde las ventanas de tu aula o de tu casa, ¿se llama a ver alguna mata o extensión de toxo, como llamamos en Galicia a esa planta que en otras zonas se llama tojo o aulaga? Muchas personas la consideran de poco interés. Y los matorrales que forman, y que a veces llegan casi a llenar montes enteros, como lugares poco atractivos... Justo lo contrario que cualquier espíritu naturalista, siempre dispuesto a alimentar su curiosidad insaciable por lo vivo a base de preguntas.

Ahora que estamos en primavera, y que esos espinosos matorrales se cubren de chorimas, como aquí llamamos a las tan hermosas, y tan amarillas, flores del toxo, es buen momento para indagar acerca de esta planta... Y sobre quienes se aprovechan de ella.

Para empezar, investiga acerca de cuántas especies de toxo tenemos en Galicia. ¿Dónde vive cada una de ellas? ¿Por qué? ¿Cuál, o cuáles, son probablemente las que hay cerca de tu centro educativo?

A continuación, piensa un instante en lo que suponen esas masas de espinas, a veces enormes,

para diferentes criaturas: para unas suponen lugares impenetrables, a los que es imposible acceder... Y para otras, en consecuencia, refugios extraordinarios donde, por ejemplo, en el caso de algunas aves, hacer sus nidos y sacar adelante a sus polluelos sin tanto temor a los depredadores.

Son unos cuantos los pájaros que se aprovechan de las masas de toxo. Por ejemplo, la curruca rabilarga, el chochín paleártico o la tarabilla común. Investiga qué aspecto tienen, cómo viven, si están amenazadas... ¿Qué otras criaturas viven entre los toxos?



También hay plantas que se aprovechan del toxo. Incluso que lo parasitan. Fíjate en la foto: observarás sobre las espinas de este toxo algo así como una maraña de hilos rojos. En Galicia la llamamos barbas de ramoso, y es una especie parásita. Su ciclo vital es muy interesante. Tanto, que tu espíritu naturalista se va a pasar

un rato estupendo descubriendo por qué: ¿cómo hacen para parasitar a sus huéspedes los toxos?

■ Para saber más. Información sobre el toxo en la web da Consellería de Medio Ambiente: <https://bit.ly/4cc5VgM>

asandovalrey@gmail.com es escritor y divulgador.

**Soluciones**

Punto de vista: 4  
Cuenta cubos: 14

**Los gemelos**

**4 y 13**

**Conecta**

**Sherlock**

**Flor de palabras**

COBIJA | SABIOS  
LABIAL | BEBIDA

**Roscas heredadas**

1: FICTICIO  
2: ELEFANTE  
3: RECTITUD  
4: GIMNASTA

## Faltan 119 días ECLIPSE TOTAL DE SOL EN GALICIA

## Viajar miles de kilómetros para c

*Disfrutar de un fenómeno como el del próximo 12 de agosto desde la puerta de casa es un privilegio que muy pocos experimentan en su vida. A lo largo de la historia, la mayoría de los científicos se vieron obligados a hacer largos viajes para vivir la experiencia*

MARCOS MALDONADO, TEXTO  
B. ARAÚJO Y L. PLACER,  
GRÁFICO Y EDICIÓN

Los eclipses totales de Sol ocurren aproximadamente una vez cada año y medio. Aunque son relativamente frecuentes, lo cierto es que, cada vez que hay uno, la sombra de la Luna recorre una franja de apenas unos pocos cientos de kilómetros de ancho. Por eso es tan difícil que se repitan dos eclipses totales en un mismo lugar.

Por término medio, en un lugar cualquiera pasarán 375 años antes de que se pueda volver a observar un fenómeno igual. En A Coruña o Ferrol el último eclipse total se pudo ver en 1905, y después del que veremos este verano habrá que esperar más de seis siglos, hasta el 2627, para disfrutar de otro. Por eso este 12 de agosto es una fecha tan especial, porque tenemos la oportunidad de disfrutar de un eclipse total de Sol en el lugar donde vivimos.

Se entiende así que a lo largo de la historia se hayan organizado viajes para observar estos fenómenos, fuera por curiosidad, por interés científico o por el simple deseo de gozar de uno de los espectáculos más fascinantes que nos ofrece la naturaleza. Hoy vamos a repasar algunas de las expediciones más relevantes de la historia. Algunas nos permitieron entender mejor el comportamiento de los astros, otras consiguieron demostrar grandes teorías científicas y otras pasaron a la historia por ser tremendamente curiosas.

#### Primeros mapas detallados


Algunas civilizaciones antiguas, como los babilonios, los mayas o los chinos, elaboraron durante siglos cuidadosos registros astronómicos que incluían la observación de eclipses de Sol y de Luna. Todos ellos descubrieron patrones en la sucesión de los eclipses y aprendieron a predecirlos, aunque sus herramientas matemáticas no les permitían calcular con precisión el momento exacto ni tampoco su trayectoria.

A comienzos del siglo XVII la ley de la gravedad universal de Isaac Newton proporcionó a los astrónomos las ecuaciones necesarias para calcular con detalle

### Trayectoria de los eclipses totales entre el 2021 y el 2040

En este período de casi 20 años se podrán ver 14 eclipses totales, pero dos de ellos solo desde el polo sur (no aparecen en el mapa) y uno, el de noviembre del 2031, solo desde el océano Pacífico

— Pasado  
— Futuro



### El siguiente eclipse total que se verá en el norte de Galicia será en el 2627

dónde y cuándo podrían verse los siguientes eclipses. Edmund Halley —sí, el mismo que predijo la aparición del cometa Halley— aprovechó este nuevo conocimiento y se puso a estudiar el eclipse que se vería desde el Reino Unido en 1715. Antes del fenómeno publicó el primer mapa detallado de la trayectoria de la totalidad y pidió a los ciudadanos que compartieran con él sus observaciones para poder refinar sus cálculos.

#### Astronomía en la guerra de la independencia de EE.UU.

En 1780 estaba previsto que un eclipse total de Sol cruzara la costa este de Norteamérica. Sin embargo, buena parte de la región se encontraba sumida en una guerra entre el Imperio británico y un grupo de colonias que habían proclamado su independencia. Samuel Williams, astrónomo de Harvard y una de las principales figuras científicas del campo de los revolucio-



Grabado del globo aerostático utilizado por el astrónomo francés Jules Janssen para escapar del asedio de París e ir a ver un eclipse al norte de África.

narios, consiguió el apoyo de su Gobierno para financiar una expedición en barco a la bahía de Penobscot, desde donde se podría observar el eclipse. El problema es que ese lugar estaba bajo dominio de los británicos, que apenas unos meses antes habían derrotado allí mismo a la Flota estadounidense. La ciencia debía de ser uno de los pocos asuntos

en los que los enemigos podían ponerse de acuerdo, porque Williams consiguió la autorización, siempre y cuando no se acercara a la costa. La expedición cruzó sin problema ante los barcos ingleses y desembarcó en un pequeño islote desde el que, entre otras cosas, pudieron hacer una de las primeras descripciones detalladas de un conjunto de

«estrellas brillantes» que aparecen en el borde de la Luna justo antes de la totalidad. Hizo también un dibujo para representar lo que había observado, el que tienes en la parte superior derecha de la página 5.


Hoy sabemos que eso que vio y describió Williams son las famosas perlas de Bailey... y lo hizo antes de que el propio Bailey ex-

# ómo se oculta el Sol



Primer mapa de la huella de un eclipse total. Lo dibujó Edmund Halley en 1715.

El físico alemán Albert Einstein (arriba) y el astrónomo británico Arthur Eddington (abajo).



Primer dibujo de las perlas de Baily, de Samuel Williams, astrónomo que viajó 400 kilómetros en el siglo XVIII para ver un eclipse.



El Concorde, el primer avión supersónico de pasajeros, fue utilizado en 1973 para hacer un experimento que pretendía perseguir la sombra del eclipse para observar el fenómeno durante más tiempo.

plicara que en realidad se trata de la luz del sol colándose por los accidentes geográficos del borde de la Luna.

## Huir del asedio de París

A finales de 1870 París estaba en guerra. El Ejército prusiano —Prusia era un Estado situado en lo que hoy es Alemania y el norte de Polonia— había sitiado la ciudad y los parisinos no po-

dían salir de la ciudad.

Ante esa situación, el astrónomo francés Jules Janssen no veía la forma de escapar para llegar hasta el norte de África, desde donde quería observar un eclipse que habría a las pocas semanas. Janssen, junto al británico Norman Lockyer, había descubierto durante un eclipse reciente la presencia de un elemento químico desconocido en la atmós-

fera del Sol, el helio. A pesar de la competencia científica entre ambos, Lockyer hizo de intermediario con los prusianos para que permitieran a Janssen salir de París en aras del avance de la ciencia. Los sitiadores le concedieron la autorización, pero aun así Janssen prefirió arriesgar la vida en una peligrosa fuga a bordo de un globo aerostático y logró llegar a Argelia, pe-

ro el día del eclipse el cielo estaba cubierto por las nubes y se quedó sin vivir la experiencia.

Similar suerte corrió Lockyer, que pretendía observar el mismo eclipse desde Sicilia. El barco que transportaba su expedición embarrancó frente a las costas de la isla y, aunque no se perdieron vidas ni material, las nubes también impidieron la observación del Sol durante el eclipse.

## Einstein tenía razón

En 1915 Einstein publicó un artículo en el que, utilizando su teoría de la relatividad general, predicó cómo se desviaría la trayectoria de la luz de las estrellas al pasar cerca del Sol. El problema es que un día cualquiera la luz del Sol nos impide observar las estrellas que se encuentran a su alrededor, así que, si quería demostrar su teoría, solo podía hacerlo durante un eclipse total.

El astrónomo británico Arthur Eddington, uno de los pocos que en su época comprendían bien la teoría de Einstein, organizó junto a su colega Frank Dyson dos expediciones para fotografiar el eclipse de mayo de 1919 desde la isla africana de Príncipe y desde Sobral, en Brasil. Durante este eclipse, el Sol se encontraría frente a un grupo de estrellas brillantes conocidas como las Híades, lo que permitiría poner a prueba la teoría de Einstein.

Ambas expediciones llegaron a su destino sin mayor problema, aunque en la isla de Príncipe estuvo lloviendo hasta poco antes de que diera comienzo el fenómeno. En el momento de la totalidad una nube interfirió en la observación, pero en alguna de las quince fotografías que se tomaron había estrellas sobre las que se podían realizar las mediciones.

La expedición brasileña contó con mejores condiciones atmosféricas, aunque las imágenes de su principal telescopio salieron un poco borrosas. Sin embargo, el telescopio secundario obtuvo unas fotografías magníficas que, al final, serían las que permitirían corroborar la predicción de Einstein. La expedición permaneció en Sobral varios meses a fin de fotografiar el mismo campo de estrellas sin la presencia del Sol y tener así mejores imágenes para comparar.

## Seguir la sombra de la Luna

Estas expediciones exigían meses o años de planificación. Todo para poder vivir los breves instantes que dura la totalidad de un eclipse, apenas siete minutos en el mejor de los casos. La única forma de permanecer en la totalidad durante más tiempo consiste en viajar a gran velocidad en la dirección en la que avanza la sombra de la Luna.

Con esa idea, en 1973 un grupo de astrónomos obtuvo permiso para adaptar el primer prototipo del Concorde para realizar este curioso experimento, que les permitiría mantenerse durante una hora y cuarto en la zona de totalidad. El Concorde fue el primer, y único, avión supersónico de pasajeros, y podía cubrir la ruta entre París y Nueva York en menos de tres horas. En esta ocasión, la aeronave despegó de Las Palmas de Gran Canaria y aterrizó en la capital de Chad. En su vuelo fue siguiendo la trayectoria del eclipse sobre el desierto del Sáhara.

Pese a que se había adaptado el fuselaje para incorporar varios instrumentos de observación, la expedición no obtuvo grandes resultados científicos. Eso sí, quedó grabada en la historia.

FP

## INNOVACIÓN E EMPRENDEMENTO

# Unha gran cita en Santiago para coñecer todo o potencial da FP

*A feira Innova FP 26 agrupará nuns catro mil metros de exposición máis de 50 proxectos orixinais saídos das aulas e talleres dos centros de formación profesional*

MÓNICA P. VILAR

Xa se están a ultimar os detalles para unha das grandes citas de formación profesional galega. A vindeira semana estes estudos, que cada ano ganan matriculados, amosarán o seu músculo no FP Innova 2026, unha das feiras máis grandes e atractivas no eido da educación. Aquí non se trata só de coñecer a oferta de estudos ou escoitar o ben que están os ciclos. Aquí pódese ver, tocar, experimentar e, sobre todo, sorprenderse co enxeño e a capacidade de atopar novas solucións, e mesmo de adiantarse ao futuro que hai nos institutos e nos centros integrados de formación profesional (CIFP).

Durante o 22, 23 e 24 de abril, na Cidade da Cultura de Santiago haberá mostras de proxectos de innovación en áreas tan distintas como a agricultura ou a robótica, ideas para ensinar mellor ou exemplos de empresas saídas dos viveiros dos CIFP. Aquí pode desde verse un dron xigante ata manexar un simulador ou probar as mellores minimadalenas. Centos de centros xa están anotados para visítala, pero a feira está aberta ao público xeral de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 mércores e xoves, e só pola mañá o venres. Se aínda non sabes todo o que pode ofrecer a FP, por que non marcas a cita no calendario? Estes son só algúns dos proxectos que vas atopar.

**CIFP A CARBALLEIRA**  
Simulador háptico

*Notar síntomas para facer un diagnóstico*

O proxecto que lidera o CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense volve á carga cunha ferramenta moi útil para a aprendizaxe en materia sanitaria. Desta volta, a base da idea son as tecnoloxías hápticas. «Son tecnolo-

xías que permiten crear sensacións máis alá do estímulo visual. Por exemplo, nun videoxogo cando se usan electroestimuladores para que o xogador teña a sensación da puñada que recibe a personaxe», explica Santiago García, profesor do curso de especialización de Videoxogos e Realidade Virtual. Xunto coa súa compañeira María Pato e outra profesora da rama sanitaria do centro, decidiron aplicar esta tecnoloxía a unha ferramenta a través da que, mediante impulsos eléctricos, replican no usuario sensacións físicas. Notando iso, o alumnado debe identificar diferentes síntomas e, a partir deles, facer un diagnóstico.

Quen se achegue ao seu posto na feira poderá poñer unhas gafas que o meterán no escenario dunha emerxencia, e experimentar co simulador. Aínda está en probas, pero cando estea listo de todo, empregárase nas aulas. «A fin última destes proxectos é que teñan un sentido educativo e poñelos a disposición doutros centros con ciclos sanitarios para que tamén poidan aproveitalos; é moi satisfactorio ver como isto vai mellorando unha FP como a galega, que xa ten un nivel altísimo», di Santiago.

Sobre a asistencia á feira, este profesor destaca o seu papel como «punto de encontro entre profesores e alumnos con inquietudes e intereses innovadores e como escaparate do que se fai nunha FP que hai uns anos aínda espertaba reticencias, mentres que hoxe só hai que ver qué tipo de aplicacións e ideas se están a sacar desde os ciclos para entender por qué os estudos de formación profesional convalidan créditos na universidade».

**CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE**

Do vento ao mar

*Flotadores de*

*bateas feitas con palas eólicas*

«O noso proxecto consiste na reutilización de palas eólicas en desuso para darlles unha segunda vida como flotadores de bateas aproveitando a súa resistencia e capacidade de flotación. Trátase dunha proposta que combina enxeñaría, sostibilidade e economía circular, e que nos permite traballar nun caso real desde o deseño ata a validación técnica». Así de claro se explica Lucía Cruces, unha moza de Tui de 23 anos que cursa o ciclo superior de Deseño e Fabricación Mecánica no CIFP Valentín Paz Andrade de Vigo. O seu profesor, Alberto Fernández, confirma que están ultimando o prototipo para facer probas para embarcacións ou calquera outra estrutura que precise flotadores», aclara. Concretamente, están a traballar con palas cedidas por Naturgy Renovables procedentes dos parques que están a repotenciar en Galicia.

Mestre e alumna cren que este tipo de proxectos de innovación a través de retos de empresas son un xeito de ver cousas ás que doutro xeito non accederían. Lucía engade que o traballo mereceu a pena polas habilidades que agora posúe, máis alá das do currículo propio do seu ciclo. Xa na feira, agarda «dar visibilidade ao traballo que se está facendo na FP, compartir ideas con outros centros e profesionais e recibir algún feedback que axude a mellorar o proxecto».

**CIFP FERROLTERRA**

Tecnoloxía e agro

*«Amosar o que fixeron coas súas mans é unha pequena*



Dous alumnos do CIFP Ferrolterra traballan na construción da estrutura do carro que facilitará empregar cabras para labores de roza de montes.



O equipo que traballou no proxecto para transformar casca de castaña en tableiro que pode usarse ata para facer mobles, e un detalle do material.

*recompensa»*

Dunha conversa con propietarios de montes en man común de Friol naceu Abeiro Tech, o proxecto de innovación que levará o CIFP Ferrolterra e do que nos fala o profesor Miguel Calvo. Comentábase o uso de cabras para rozar montes, moi útiles sobre todo para zonas de difícil acceso, pero que requirían demasiadas visitas para manter todo en funcionamento. Así naceu a idea de deseñar un carro que contese ferramentas para solucionar distintos problemas. Por unha banda, a alimentación dos cans que vivían as cabras e as protexen do lobo, que requiría subir ao monte case a diario. O carro deseñado inclúe comedeiros que só se activan ao se aproximar os mastíns que portan un colar que activa o dosificador. «Pódese saber qué can foi comer, cantas veces, incluso restrinxir a cantidade de alimento ou dosificalo», explica Calvo.

O carro está conectado a unha aplicación que envía vía Telegram mensaxes sobre isto ou outras cousas que o usuario queira controlar. Porque a estrutura ten moito máis ca comedeiros. En momentos de tempo moi duro pode desprezarse e funcionar como refuxio para o rabaño. Leva tamén parideiras para as cabras que vaian ter crías, e mesmo un quentador con leite por se algún dos cabritos precisase

máis. O carro incorpora ademais unha cámara interior para vixiar os animais e unha exterior para disuadir a quen queira danalo ou roubar elementos. E leva placas solares e baterías para ter autonomía. «Non hai nada así no mercado. E é un proxecto que levou moitas horas. Sen o alumnado de primeiro do ciclo de Mecatrónica do noso centro e do instituto Lois Peña Novo de Vilalba, tería sido imposible. Tamén os de Automoción botaron unha man», di o profesor.

Santiago Ucha é un deses estudantes que participaron na construción do carro. «Fue superinteresante, primeiro por lo que tiene de ayuda a la comunidad, y luego por todo lo aprendido; en seis meses utilizamos un montón de herramientas y de técnicas que nunca habíamos usado. Pero sobre todo fue emocionante ver cómo solucionar problemas. Por ejemplo, cómo levantar las alas de la estructura, que pesan mucho». El será un dos catro alumnos que estarán no Innova FP explicando o proxecto. «Amosar o que fixeron coas súas mans e poder sacar peito diante doutros compañeiros é unha pequena recompensa por tanto esforzo como fixeron», recoñece Calvo. Santiago confírmalo: «Ya solo enseñarle un plano a mi familia fue un orgullo, decirles: "¿Ves eso que parece tan sencillo? Pues nos llevó tres semanas encontrar la solución"».



Lucía Cruces, do CIFP Valentín Paz Andrade, selando o extremo da sección de pala que transforman en flotador.



O dron de gran tamaño co que Agrospectral pode aplicar fitosanitarios.

**CIFP CARLOS OROZA**  
Emprendemento moi doce  
*«De FP salimos con ganas de comernos el mundo»*

Sandra Rodríguez Barreiro é a mellor embaixadora que pode a formación profesional galega. «Estoy encantada con mi paso por la FP. Primero hice un ciclo medio de Pastelería y luego uno superior de Dirección de Cocina, y desarrollé mi proyecto de negocio dentro del vivero de empresas del CIFP Carlos Oroza (Pontevedra). He tenido profesores superimplicados, que me daban caña hasta que todo saliera perfecto, que aún me apoyan ahora que ya abrí mi local. Hoy somos los de FP los que estamos montando cosas. Hacemos prácticas, salimos superbién formados, con ganas de comernos el mundo, y lo hacemos», di rotunda. Ela come o mundo, e os que viven ou pasan por Cangas, as delicias que ela prepara nos Doces

de Sandra, a pastelería que abriu o pasado verán e na que xa son catro traballadores e unha rapaza de prácticas.

A raíz dun proxecto que fixera con outras compañeiras e co que gañara un premio aprendera ben os pasos que facían falta para emprender. Aplicounos, co apoio do viveiro de empresas do seu centro, e hoxe ten o seu propio negocio no que ofrece produtos artesanais feitos con materias primas de quilómetro cero e alta calidade. Na feira da semana que vén poderán degustarse as súas minimadalenas, bicas, brownies e ver en directo como fai as súas minitartas, para que non falte o espectáculo. Será, sen dúbida, un dos postos que máis atraerán a vista e o olfacto.

**CIFP AS MERCEDES**  
Drons agrícolas  
*Agricultura de precisión para o campo galego*  
Dende a FP e un dos seus viveiros de empresas emprendeu ta-

mén Edgar Díaz, quen logo de quince anos traballando por conta allea no mundo da informática quixo cambiar de rumbo. Viu que cursos de especialización había e atopou no CIFP As Mercedes de Lugo o de Aeronaves Pilotadas de Forma Remota, que encaixaba co seu hobby de pilotar drons. Matriculouse, sacouno con moi boas notas e, aínda que non foi fácil atopar o nicho, finalmente localizou un con moitas posibilidades na agricultura.

